

AS VIDAS DE MARONA

987

Anca Damian, 2019

ESTREA EN NUMAX: 06.08.2022 | V.E. | +7 | 92 min

Esta é a historia dunha cadeliña que recorda os distintos amos que tivo durante a súa vida e aos que quixo incondicionalmente, enchendo de inocencia e luz todos os fogares onde viviu.



Dificultades e recompensas pola supervivencia

Por Marina Ferrera Lazo

Os primeiros momentos de Marona na nosa vida coinciden coa presentación da súa morte. Rodeada de cor, ruídos e lamento o espectador tanto neno como adulto entra nunha lección de vida sobre a importancia e o amor por estes animais. A directora Anca Damian, volve ao xénero da animación onde a imaxinación se leva ao extremo. Damian dirixe o seu filme presentado pola visión da vida dunha cadelinha, experimenta a maxia e o inexistente límite da mente.

As vidas de Marona xunta as dificultades que unha gran cantidade de animais deben sufrir desde practicamente o seu nacemento. A nosa protagonista, antes incluso de poder ter consciencia propia sofre o racismo e o desquite de responsabilidades do seu propio pai. Marona ten que aprender o que significa a perda, desesperanza, medo ou tristeza ao igual que a ilusión, o cariño e a felicidade por si mesma. O paso do tempo, así como as diferenzas da súa propia mente e visión de infancia e adultez, fan que o filme sexa para todas as idades. As crianzas poderán gozar coas aventuras da cadelinha e as persoas adultas que as acompañen poderán verse reflectidos en multitude de experiencias de Marona, neste filme que consegue facer meditar sobre a vida mesma.

O poder revivir a vida de Marona desde o punto de vista dos seus recordos e soños é unha experiencia inigualable. O trato da animación cun estilo único e á vez múltiple, co uso dun *collage* de memorias pasadas, consegue que sexa imposible apartar a mirada da pantalla. A directora e o seu increíble equipo de animación logran comunicar todo tipo de sensacións sen necesidade realmente dun diálogo explícito.

O uso da velocidade da vida na periferia dos ollos de Marona. A minoración da mesma cando se encontra perdida entre tantos vehículos ou a fluidez de movementos grazas aos trapezistas. A conexión e unión de pensamentos para relacionar obxectos dos seus primeiros días de vida, xunto a súa nai e os seus irmáns, cun tren de pensamentos completamente real e válido para calquera. E por suposto, a utilización de distintas luces e texturas fan que nada nas vidas de Marona sexa normal. Cada persoa, cada animal, cada lugar ou sensacións son únicas en si mesmas e así o vive a cadelinha protagonistas. Capaz de atopar o bo ou o malo, incluso antes de que haxa indicios de que ocorra, en cada situación que ten que vivir.

Aínda podendo gozar dunha animación máis que destacable, a forma de contar algo tan simple e difícil á vez é o que acaba de converter *As vidas de Marona* nun filme redondo en moitos sentidos. Normalmente, os filmes de xénero "canino" adoitan buscar a bágoa fácil e a concienciación do trato que hai que ofrecer aos animais, pero esta cinta de Anca Damian non intenta aparentar o que non é. É un filme sinxelo en historia, moi conciso, pero admirable en si por isto mesmo. Ao estar dirixida a un público amante destes animais, e polo tanto ás persoas que gustan recibir e dar amor incondicionalmente, Marona é capaz de transmitir case imperceptiblemente a alegría que proporciona o vivir pola felicidade dos demais e o amor propio que todos deberíamos ter.